



A AELG quiere iniciar este 2006 ofrecendo un servizo asistencial aos nosos asociados/as que consideramos básico e fundamental: o coñecemento da Lei de Propiedade Intelectual e, moi especialmente, o dereito recoñecido ao cobro en concepto de dereitos de autor/a que todos os creadores de obra orixinal, en formato literario, artístico ou científico, deben percibir polo seu traballo de creación.

Durante esta xornada de reflexión e traballo, na que contaremos con destacados representantes de CEDRO, intentaremos esclarecer aquelas dúbidas que habitualmente xorden a este respecto nos nosos socios e socias, para poder conseguir para estes o obxectivo último que nos move no noso proxecto global: o recoñecemento e a dignificación do noso traballo como creadores e creadoras, así como servir de guía para a progresiva profesionalización do sector.

1 de abril de 2006
Auditorio do CGAC
Santiago de Compostela

Recollendo unha vella demanda de información do mundo literario, de grande actualidade e interese para todos os axentes implicados no sector, a Asociación de Escritores en Lingua Galega pretende deitar algunha luz sobre un asunto que tanto preocupa a escritores e editores.

Para iso presentamos a **Xornada sobre a propiedade intelectual**, na que contamos con voces autorizadas de profesionais e representantes institucionais xunto con escritores e editores, para conseguir abranguer o tema desde todas as perspectivas.

10.00h

RETOS DA NOVA LEI DA PROPIEDAD INTELECTUAL

Juan Mollá

Vicepresidente de CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos)

COLOQUIO

11.30h

DEREITOS DE AUTOR E NOVAS TECNOLOXÍAS: OS DEREITOS DIXITAIS

Marta Malmierca

Responsable do Departamento de Servizos Xurídicos e Licenzas de CEDRO

COLOQUIO

14.30h

Xantar no Restaurante O'16, Rúa de S. Pedro, 16

17.00-19.00h

Mesa redonda A PROPIEDAD INTELECTUAL EN GALICIA

Xabier P. Docampo, *escritor*

Tucho Calvo, *escritor-editor*

Un/unha representante da Asociación Galega de Editores

PROGRAMA

A Lei da Propiedade intelectual
e os dereitos de autor